

ACTA NUM. 2/12

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO CELEBRADA O DÍA 15 DE FEBREIRO DO 2012.**

Na casa do Concello de Barro, ás vinte horas quince minutos do día quince de febreiro de dous mil doce, reúnese o Pleno deste concello.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. José Antonio Landín Eirín.

Do Partido Popular:

Dna. M<sup>a</sup> Teresa Roig Olona.

Dna. Rosa Varela Magariños.

D. Manuel Fontán Outón.

D. Eduardo Iglesias González

D. Manuel Rivas Reboredo

Do BNG:

D. Xosé Manuel Fernández Abrales

Dna. M<sup>a</sup> Xesús Castro Calviño.

D. Roberto Rivas Reboredo

Do PSOE

D. José Sanmartín Soto.

Secretario:

D. Xesús Rodríguez Castro.

Non asiste e presenta excusa: Dna. María Margarita Canay Pintos.

Nota: O Sr. Roberto Rivas Reboredo incorporase a sesión sendo as 20:20

**ORDE DO DIA**

1.- APROBACION ACTA SESIÓN ANTERIOR.

2.-RATIFICACION ACORDOS APROBACION PROXECTO DE URBANIZACION E MAIS DO PROXECTO DE EXPROPIATORIO, POR TAXACION CONXUNTA, DO PLAN DE SECTORIZACION SRAU INDUSTRIAL OUTEDA CURRO

Comprobada a existencia de quórum para a válida realización da sesión, declárase aberta e éntrase a trata-los asuntos incluídos na orde do día.

**1.- APROBACIÓN ACTA SESIÓN ANTERIOR.**

Dada conta da acta anterior de data 26.01.2012, non se formulan observacións á mesma aprobándose por unanimidade.

## **2.- RATIFICACION ACORDOS APROBACION PROXECTO DE URBANIZACION E MAIS DO PROXECTO DE EXPROPIATORIO, POR TAXACION CONXUNTA, DO PLAN DE SECTORIZACION SRAU INDUSTRIAL OUTEDA CURRO**

Dase conta ó pleno dos seguintes

### **1. ANTECEDENTES.**

I) En execución das previsions contidas no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Barro, aprobado definitivamente pola corporación municipal en sesión plenaria de 23 de maio de 2003 - Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra n.º 118 de 20 de xuño de 2003-, e ao obxecto de promover o desenvolvemento urbanístico do sector de solo industrial SRAU Outeda –Curro, o Concello de Barro procedeu á elaboración e tramitación do correspondente Plan de Sectorización para dito ámbito.

II) En sesión plenaria do 27 de xullo de 2004 deuse aprobación inicial ao referido Plan de sectorización e Plan Parcial SRAU Outeda-Curro, redactado polo arquitecto D. Antonio Labrador Toquero. O seu sometemento a exposición pública fíxose mediante anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia n.º. 171 de 2 de setembro de 2004.

III) Iniciada a tramitación deste instrumento de planeamento secundario, o Pleno da corporación municipal en sesión de 17 de marzo de 2005 aprobou a creación do Consorcio entre a Deputación provincial de Pontevedra o Concello de Barro e o Concello de Meis, para o desenvolvemento industrial dos municipios de Barro e Meis.

IV) Mediante anuncio publicado no D.O.G. n.º 179 de 16 de setembro de 2005 someteuse tamén a información pública o Estudo de impacto ambiental do plan de sectorización.

V) Tralos trámites de rigor, o Pleno do Concello na súa sesión de 8 de maio de 2006 deu aprobación provisoria ao Plan de sectorización de solo industrial Outeda- Curro.

VI) Unha vez emitido pola Consellería de Política territorial, obras públicas e transportes o Informe favorable previo á aprobación definitiva, o plan de sectorización foi aprobado definitivamente por acordo plenario de 24 de agosto de 2006, publicado no B.O.P. de Pontevedra n.º 175, de 12 de setembro de 2006 e D.O.G. n.º 174, de 8 de setembro de 2006.

VII) Previsto como sistema de actuación o instituto expropiatorio, por taxación conxunta, o Concello de Barro acometeu a expropiación de tódalas fincas de orixe emprazadas dentro do referido sector, resultando beneficiario da expropiación o IPESPO, organismo autónomo da Deputación Provincial de Pontevedra, creado por dita entidade provincial coa finalidade de promover e xestionar solo industrial e de equipamentos empresariais na provincia.

A tales efectos, por Acordo do Pleno deste concello celebrado na súa sesión de 6 de outubro de 2006 foi aprobado inicialmente o expediente de expropiación forzosa mediante o sistema de taxación conxunta para a obtención dos bens e dereitos

incuidos no ámbito delimitado polo plan de Sectorización, téndose publicado no DOG de 24 de outubro de 2006 o anuncio de información pública, coa correspondente relación de propietarios e predios obxecto de expropiación, así como na prensa local(Faro de Vigo).

A aprobación definitiva do Proxecto de Expropiación Forzosa formulado polo IPESPO foi acordada polo Pleno do Concello de Barro en sesión de 6 de febreiro de 2007, sendo notificada individualmente aos interesados titulares dos bens e dereitos afectados.

VIII) Con data 14 de febreiro de 2007, a Xunta de Goberno local procedeu a dar aprobación definitiva ao proxecto de urbanización deste sector de solo urbanizable, elaborado pola consultora IDOM.

IX) Contra o acordo plenario que deu aprobación definitiva ao Plan de sectorización foi interposto, por don José Abal Eirín e outros 95 veciños máis, un recurso contencioso administrativo que se substanciou perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia baixo o número de procedemento ordinario 4556/2006, e que concluiu por sentenza dese Tribunal rexional de 24 de febreiro de 2011, acordando a estimación do citado recurso coa conseguinte anulación do acordo plenario recorrido.

X) No entendemento de que a devandita sentenza era contraria a Dereito, o Concello de Barro interpuxo recurso de casación perante o Tribunal Supremo, que se substancia baixo o número de recurso 8/4194/2011, e que se atopa aínda en tramitación.

XI) Nembargantes, e sen prexuízo do resultado deste recurso casacional, o Concello de Barro, por mor de evitar unha innecesaria dilación da situación de inseguridade xurídica na que se atopa neste momento o proceso de desenvolvemento do sector, e co obxecto de evitar maiores prexuízos tanto aos actuais propietarios das parcelas de resultado alleadas polo IPESPO coma a terceiros, asumiu a necesidade de dar estricto cumprimento á sentenza emitida polo Tribunal Superior de Xustiza, encomendado ao equipo redactor do plan de sectorización, a mercantil ENXEÑEIROS E ARQUITECTOS CONSULTORES IDOM, S.A., a elaboración dun documento de subsanación de deficiencias do Plan de sectorización.

XII) Elaborado dito documento polo equipo redactor, rubricado *“Addenda para a subsanación de deficiencias en execución de sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 24 de febreiro de 2011, en relación co Plan de sectorización do SRAU Industrial Outeda-Curro, do Concello de Barro”*, e unha vez informado de xeito favorable polo departamento autonómico competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, o Pleno da corporación, con data 15 de decembro de 2011, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Tomar razón do Informe favorable suscrito en data 24 de novembro de 2011 pola Secretaría xeral de Ordenación do territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, emitido en relación ao documento denominado “Addenda para a subsanación de deficiencias en execución de sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 24 de febreiro de 2011, en relación*

*co Plan de sectorización do SRAU Industrial Outeda-Curro, do Concello de Barro”, redactado pola mercantil Enxeñeiros e Arquitectos Consultores IDOM S.L., e asinado en data 11 de novembro de 2011 polos arquitectos D. Daniel González Franco e Dna. Matilde Álvarez Rodríguez, dando así por cumprimentados os condicionamentos formulados no Informe previo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia, de 28 de xullo de 2006, emitido con carácter previo á Aprobación definitiva do Plan de sectorización do Sóló Rústico Apto para Urbanizar Industrial, no lugar de Outeda, do Concello de Barro.*

*Segundo.- Prestar aprobación definitiva ao documento integrante do Plan de sectorización de Solo urbanizable Industrial Outeda –Curro, redactado polo enxeñeiro de Camiños, canles e portos D. José M. Nieto Matamoros, da empresa Enxeñeiros e Arquitectos Consultores IDOM S.A., que foi obxecto de aprobación provisional polo Pleno da Corporación municipal en sesión de 10 de maio de 2006, xunto coa antedita “Addenda para a subsanación de deficiencias en execución de sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 24 de febreiro de 2011”, que forma parte integrante do Plan de sectorización do SRAU Industrial Outeda-Curro.*

*Terceiro.- Comunicar á Consellería competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo o acordo de aprobación definitiva, dando traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente, con tódolos planos e documentos que o integran e o expediente tramitado, debidamente diligenciados polo Secretario do Concello.*

*Cuarto.- Ordena-la publicación do acordo de aprobación definitiva do plan de sectorización no Diario Oficial de Galicia e o documento que contén a normativa e ordenanzas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.”*

XIII) En cumprimento das determinacións incorporadas ao referido acordo plenario, con data 26 de decembro de 2011 deuse publicación ao mesmo no Diario Oficial de Galicia, publicándose novamente a normativa do Plan de sectorización no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra, de data 30 de decembro do mesmo ano.

Asemade, con data 20 de decembro de 2011, remitiuse á Secretaría Xeral de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, copia completa do expediente e dous exemplares do documento aprobado definitivamente.

XIV) A entrada en vigor do Plan de Sectorización SRAU-I- Outeda-Curro produciuse unha vez realizada a publicación íntegra do seu texto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, segundo dispón o artigo 70.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, e unha vez transcorreu o prazo de 15 días sinalado no artigo 65.2 da citada Lei.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO-

Aínda cando os actos de execución aprobados polo Concello de Barro trala primeira aprobación definitiva do Plan de sectorización SRAU Industrial Outeda-Curro (esto é, a realizada polo Pleno da Corporación na súa sesión de 24 de agosto de 2006), non foron obxecto de anulación algunha por parte dos órganos da xurisdicción contencioso administrativa -razón pola que, en principio, conservarían toda a súa eficacia-, nembargantes enténdese necesario, por elementais razóns de seguridade xurídica,

que tales actos de execución sexan novamente obxecto de ratificación polo órgano municipal competente, unha vez acadado o derradeiro acordo plenario de 15 de decembro de 2011 sobre aprobación definitiva do Plan de sectorización de Solo urbanizable Industrial Outeda –Curro e máis da súa “Addenda para a subsanación de deficiencias”, elaborada en execución da devandita sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de data 24 de febreiro de 2011.

Dita ratificación enténdese senón necesaria, cando menos aconsellable para garanti-la conservación das distintas actuacións levadas a cabo con motivo do desenvolvemento urbanístico deste sector, xa que logo, unha vez producida a entrada en vigor do último acordo plenario nos termos dispostos nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, é a partires desde momento cando os órganos municipais competentes para a aprobación dos distintos actos de execución do planeamento poderán declara-la conservación dos actos e acordos precedentes, de acordo co disposto no artigo 66 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e Procedemento administrativo común (LRXPAC), precepto cuxo teor literal dí:

*“O órgano que declare a nulidade ou anule as actuacións disporá sempre a conservación daqueles actos e trámites cuxo contido se tivera mantido igual de non terse cometido a infracción”.*

Se ben dunha lectura literal da norma contida no precepto invocado podería entenderse que a declaración de conservación de actos e trámites debe ser realizada polo órgano que declare a nulidade do acto, tal posibiliadde debe entenderse asemade referida aos órganos executantes daquelas resolucións xudiciais que previamente declararan a anulación dun acto ou disposición emitido pola propia administración, tal e como por utra banda ven sostendo a doutrina xurisprudencial, sendo referente da mesma a contida na Sentenza do Tribunal Supremo de 27 de xullo de 1986, cando dí:

*“..este precepto atribuye las facultades de conservación al órgano que declare la nulidad de actuaciones, pero hay que entender que tal conservación puede también ser acordada por el órgano ejecutante por razones de economía, celeridad y eficacia...”.*

Se ben no presente caso a legalidade do proxecto de expropiación e máis do proxecto de urbanización aprobados non foi nunca cuestionada directa ou indirectamente, nin en sede administrativa ou xudicial, con maior razón poderá ser declarada a súa conservación ou ratificación neste momento, unha vez producida a entrada en vigor do Plan de sectorización trala súa nova aprobación definitiva por acordo plenario de 15 de decembro de 2011, xa que logo o seu contido seguiría sendo exactamente o mesmo de terse que tramitar novamente ámbolos dous proxectos á vista da ordenación incorporada ao documento recentemente aprobado.

A técnica da conservación de actos e acordos (distinta do instituto de conversión de actos viciados ou do mecanismo de convalidación de actos anulables, regulados respectivamente nos artigos 65 e 67 da LRXPAC) atopa fiel reflexo na doutrina xurisprudencial.

Así, o Tribunal Superior de Xustiza de Castilla-La Mancha, na sentenza núm. 23/2009 de 19 enero (JUR 2009\263457), analizando un suposto moi similar ao que eiquí se expón, razoa verbo do instituto da conservación de actos e trámites o seguinte:

*“ /.../ El alcance de la Sentencia que se reputa por el Juez a quo como debidamente ejecutada, es el propio de un pronunciamiento declarativo, no contiene una obligación de hacer, ni más consecuencias que las que nominalmente se citan en su fallo: la nulidad del proyecto de reparcelación. No se dispone tampoco la retroacción de actuaciones. Con ello, escaso margen de ejecución resta. El Ayuntamiento, así, si quería aprobar la reparcelación, debía proceder, es claro -pero no porque lo ordenara la Sentencia, sino porque lo dispone el art. 70.2 de la Ley de Bases de Régimen Local -, a publicar las normas del Plan Parcial, para dotar a éste de la eficacia suficiente para anclar en él jurídicamente la reparcelación. Y así lo hizo, y publicadas las normas urbanísticas procedió a aprobar la reparcelación en fecha dos de noviembre de 2006, bien es cierto que con un contenido prácticamente idéntico al que había contemplado con anterioridad a la anulación mediante la Sentencia de septiembre de 2006 . Ello no forma parte, pues, de la ejecución de la Sentencia, como bien dice el Juez a quo, porque se trata de un nuevo acto administrativo, con impugnación autónoma, y en la misma es donde habría que dilucidar si cabe o no acogerse a lo dispuesto en el art. 66 de la Ley de Procedimiento Administrativo Común, relativo a la conservación de actos y trámites, que ordena que, anulado el acto o anuladas las actuaciones, se dispondrá siempre la conservación de aquellos actos y trámites cuyo contenido se hubiera mantenido igual de no haberse cometido la infracción. Aunque no sería imprescindible ahora entrar en tal cuestión, aparentemente el contenido de la reparcelación en nada se ha demostrado que tuviera que haber variado por la sola publicación en su momento de las normas urbanísticas del Plan Parcial.”*

Tamén na sentença núm. 1736/2008 de 20 noviembre, emitida polo Tribunal Superior de Xusticia da Comunidade de Valenciana (JUR 2009\133209) atopamos outro referente xurisprudencial onde se trata a técnica da conversión de actos e trámites, cando dí:

*“/.../SEGUNDO:*

*Constan acreditados en el expediente administrativo y en los autos los siguientes hechos:*

*/.../*

*6º) El Ayuntamiento de Valencia, en ejecución de la Sentencia núm. 1200/2004 que anuló el Acuerdo de Aprobación del PAI por la falta de aprobación del PRIM acordó el día 28 de julio de 2006, (Resolución de 24 de agosto de 2006):*

*a) declarar la conservación de los actos y trámites llevados a cabo en el expediente administrativo 2000/584 del Servicio de Planeamiento mediante el que se llevó a cabo la tramitación y aprobación del Programa de Actuación Integrada para el desarrollo de la Unidad de Ejecución "Turís-Tres Forques",*

*b) aprobar el Programa de Actuación Integrada conforme a la propuesta presentada por Hogares Urbanos S.L., para el ámbito delimitado por las c/Turís y Tres Forques de Valencia, área de ensanche del CHP de Patraix*

*c) Aprobar el proyecto de urbanización presentado por Hogares Urbanos S.L., para el ámbito de la Unidad de Ejecución "Turís- Tres Forques" de Valencia.*

*Contra la citada Resolución del Ayuntamiento de Valencia de Resolución de 28 de julio de 2006 y contra la Resolución del Conseller de Obras Públicas Urbanismo y Transporte de 9 de mayo de 2003 aprobó definitivamente el Plan de Reforma Interior, se interpone el presente recurso contencioso administrativo.*

*/.../*

#### CUARTO

*La impugnación del Acuerdo Pleno del Ayuntamiento de Valencia de 28 de julio de 2006 que aprobó el PAI de la Unidad de Ejecución "Turía-Tres Forques" (expediente núm. 2000/584, Planeamiento), afecta en primer lugar a la declaración de conservación de todos los actos y trámites administrativos realizados en el expediente 2000/584 del Servicio de Planeamiento (folio 1182 del expdte. adv.), conforme al art. 66 de la Ley 30/92 de 26 de noviembre de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común (LRJAP) que dice: "Conservación de actos y trámites. El órgano que declare la nulidad o anule las actuaciones dispondrá siempre la conservación de aquellos actos y trámites cuyo contenido se hubiera mantenido igual de no haberse cometido la infracción".*

*/.../*

*Frente a lo alegado y razonado de contrario, conviene recordar que la Sentencia núm. 1200/2004 anuló el acuerdo de aprobación del PAI por la carencia del PRIM, pero no anuló las actuaciones anteriores de tramitación del procedimiento de aprobación del Programa, como la información pública y los trámites preparatorios del Acuerdo, de modo que aprobado definitivamente el PRIM por Resolución del Conseller de Obras Públicas Urbanismo y Transportes de 9 de mayo de 2003, que fue ratificada y declarada conforme a Derecho por Sentencia núm 639/06 , nada impide que, una vez delimitada la UE, se reinicie la tramitación del expediente y que, en virtud del principio de conservación de los actos y trámites cuyo contenido se hubiera mantenido igual de no haberse cometido la infracción (art. 66 LRJAP), y de la jurisprudencia citada por las partes demanda y codemandadas, (STS de 22, 29 y 8 de noviembre de 1993, 27 de diciembre de 1993 , y 15 de julio de 1998, entre otras muchas, se conserven los actos no anulados como son los de trámite del procedimiento que se siguió para la aprobación del PAI, en evitación de la repetición de trámites, siempre que no se infrinja el Ordenamiento jurídico, que el contenido hubiere permanecido el mismo de no haberse realizado la infracción y que los defectos fueren subsanables por naturaleza. Y así se realizó dictando una nueva Resolución de aprobación del Programa ratificada por la Sentencia núm. 366/02 donde ya hay un PRIM que delimita la UE base del PAI.*  
*/.../”*

A técnica de conservación dos actos e trámites encontra incluso un antecedente legal moi inmediato na lexislación desta Comunidade autónoma en materia de ordenación do territorio, xa que a disposición adicional primeira da Lei 10/1995, de 23 de novembro, na sua redacción conferida pola Lei 15/2010, de 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, preveu expresamente que, ante supostos de anulación total ou parcial dun plan ou proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, a declaración de utilidade pública ou de interese social e mais a necesidade de ocupación que fosen acordadas en substitución daquel plan ou proxecto anulado retrotraerán os seus efectos á data de aprobación dese plan ou proxecto (“A declaración de utilidade pública ou de interese social e a necesidade de ocupación

*implícitas na aprobación dun plan ou dun proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, acordadas en substitución doutro total ou parcialmente anulado, retrotraerán os seus efectos á data da aprobación do citado plan ou proxecto anulado se a aprobación comprendía as devanditas declaracións ou, noutro caso, retrotraerán os seus efectos á data de inicio do procedemento de expropiación. Todo isto en relación con aqueles bens e dereitos cuxa descripción física e xurídica individualizada constase xa naquelas datas”).*

Se ben dito precepto se refire de xeito expreso aos instrumentos de ordenación do territorio (plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal) e non aos instrumentos de ordenación urbanística, cabe igualmente entender que o mesmo principio de conservación de actos e trámites que inspirou a redacción do citado precepto pode ser igualmente aplicado a un suposto como o que eiquí nos ocupa.

Reste advertir que a conservación dos actos aprobatorios do proxecto de urbanización e máis do proxecto expropiatorio anteriormente referidos evitará innecesarias situacións de inseguridade xurídica xa que, de non ser realizada dita conversión, poderán orixinarse graves prexuízos tanto para os intereses públicos en xogo coma para os intereses de terceiros, pois téndose culminado xa o procedemento expropiatorio e ocupados os bens e dereitos afectos pola ordenación aprobada, executadas tamén as obras de urbanización interiores do polígono industrial, alleadas a terceiros as parcelas de resultado edificables por parte do IPESPO (beneficiario da expropiación) e concedidas aos actuais propietarios as pertinentes licenzas urbanísticas sobre ditas parcelas, resulta obvio entende-la necesidade de mante-la pervivencia e eficacia daqueles aqueles actos de execución do planeamento que, por traer causa directa na ordenación no seu día aprobada, permitiron conquistar o proceso de transformación física e xurídica dos terreos emprazados neste sector.

Por último, en canto á competencia do órgano municipal que poderá aproba-la proposta que de seguido se transcribirá, cúmpre manifestar que é a Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía Presidencia, de acordo co réxime competencial que lle resulta atribuído a dito órgano persoal no artigo 21.1.j) da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

O asunto foi dictaminado en Comisión Informativa de Asuntos do Pleno de data 15/02/2012.

## **INTERVENCIONS**

Polo Sr. Alcalde dase conta que co asesoramento xurídico dun abogado externo en sesión plenaria de data 15/12/11 se dou nova aprobación definitiva ao Plan de Sectorización xunto coa Addenda para dar cumprida resposta ó informe da Consellería emitido no seu día e ós fundamentos xurídicos da sentenza anulatoria do acordo de aprobación do plan do polígono, e agora sométese tamén a aprobación a ratificación dos acordos de aprobación do proxecto de urbanización e mais do proxecto de expropiación porque o que se trata é de dar garantías legais a implantación de empresas no polígono industrial nun momento de crise como o actual. Non constando ata dagoa a presentación de recurso contra o citado acordo de aprobación.



Toma a palabra o Sr. Fernández Abrales, dando conta da postura de abstención do grupo do BNG no anterior acordo sobre aprobación definitiva do plan e da addenda, sinala que mantén o seu grupo a mesma postura ante a ratificación da aprobación do proxecto de urbanización e de expropiación por entender que esta vía non garante a seguridade xurídica necesaria ó estar a viabilidade do polígono pendente da sentenza do Tribunal Supremo coa incertidume que isto pode supoñer, e sinala que tampouco se van a opoñer a proposta plantexada polo Sr. Alcalde e anuncia abstención do seu grupo.

Sr. Sanmartín Soto, sinala que aínda que o Plan do polígono mantén as categorías iniciais para a tipoloxía das industrias que se poden implantar, non van a ser o seu grupo un obstáculo para intentar manter a viabilidade do polígono e anuncia o voto a favor do seu grupo.

**Sometido a asunto a votación, ACÓRDASE por maioría absoluta, 7 votos a favor; votan os Sres. Roig Olona, Varela Magariños, Fontán Outón, Iglesias González, M. Rivas Reboredo, Sr. Alcalde (PP) e Sr. Sanmartín Soto (PSOE) e 2 abstencións; votan os Sres. Fernández Abrales e Dna. María Xesús Castro Calviño (BNG):**

**Primeiro.-** Declara-la conservación de tódolos actos de trámite e demais actuacións que presidiron a elaboración e tramitación do proxecto de expropiación forzosa, por taxación conxunta, do sector de solo rústico apto para urbanizar (SRAU) Industrial Outeda-Curro, así como da resolución que deu aprobación definitiva ao devandito proxecto expropiatorio, acordada polo Pleno do Concello de Barro en sesión de 6 de febreiro de 2007, e mais dos demais actos subseguintes acadados en estricta execución dese proxecto.

**Segundo.-** Declara-la conservación de tódolos actos de trámite e demais actuacións que presidiron a elaboración e tramitación do proxecto de urbanización do sector de solo rústico apto para urbanizar (SRAU) Industrial Outeda-Curro, así como da resolución que deu aprobación definitiva ao devandito proxecto de urbanización, acordada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 14 de febreiro de 2007.

**Terceiro.-** Se publique o presente acordo par coñecemento dos posibles interesados nos termos legalmente establecidos.

Incorporase a sesión o Sr. Roberto Rivas Reboredo sendo as 20:20

O Sr. Alcalde informa os concelleiros sobre a existencia de empresas que están ofertando servizos en relación coa tramitación da declaración de edificacións fora de ordenación para deixar claro que o concello está a marxe desta campaña.

A sesión rematou ó fin das vinte horas vintecinco minutos. Dou fe.